

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000018.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércres**, día **29 de abril de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONCESIÓN DEMANIAL DO USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA ANEXA Á PISCINA MUNICIPAL CUBERTA AS PEDREIRAS. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS, ASÍ COMO DA ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025/C012/000006.
2. SUBMINISTRACIÓN DA ESCULTURA DE PAULA ALVARELLOS FONDO. ADXUDICACIÓN. Exp ref: 2025/C004/000039.
3. CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL SOBRE A RONDA DA REPÚBLICA ARXENTINA. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. EXP. REF. 2026/C002/000001.
4. CONTRATACIÓN DO PROGRAMA "CAMIÑO ÁS AULAS" NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C003-000009.

PERSOAL

5. RESOLUCIÓN DOS RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS CONTRA A RESOLUCION DITADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2023).

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

6. DESESTIMACIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN 905/2026 DO 06-02-2026, DICTADA NO PROCEDIMENTO 2025/Y001/000099 (Recurso 2026(P014/000026)).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,